

## Ensínasnos a ser felices

Grazas, Xesús, porque nos ensinas o camiño da felicidade, sobre que valores organizar a nosa vida e o mundo.

Ti declaras felices os que se saben necesitados e fráxiles e teñen oco no seu corazón para o amor de Deus, mentres que declaras infelices os que engordan o seu "Eu" co confort, o pracer ou o diñeiro.



Ti proclamas ditosos, e dálles o reino de Deus, aos últimos e infelices.

Ti devólveslles a dignidade e a esperanza a todos os que nós cremos desgraciados.

Ti proclamas afortunados os pobres e os humildes, os que choran e os que sofren, os que teñen fame e sede inesgotables de fidelidade a Deus, os misericordiosos que saben perdoar, os que proceden cun corazón limpo, nobre e sincero, os que fomentan a paz ao seu carón e refugan a violencia, os que son perseguidos por servir a Deus e ao evanxeo. Ti fuches, Xesús, o primeiro en realizar tal programa, ti es o noso exemplo e a nosa forza. Amén.

### BENAVENTURANZAS

Felices serán todos os que axudan,  
socorren incendios, reparten o Pan, lavan  
pés sen noxo, salvan aos náufragos, feliz  
quen axuda, pois hanlle axudar.

FELICES SEREDS FELICES POR

FIN A VIDA ILUMINARASE

ROMPERÁ A TRISTEZA

SODES MIL FACHOS QUE VAN A ALUMAR

O MUNDO, RENACE PODEDES CANTAR

QUE O AMOR COMO A LUZ, SALVARAVOS.

Musical 33



**Evanxeo**  
**16-febreiro-2025**  
**6º ORDINARIO-C**



# Felices os que teñen oco para o meu amor...

# Ai dos que o teñen todo ocupado!

# Ordinario 6º-C

**XEREMÍAS 17,5-8:** *Maldito quen confía no home; bendito quen confía no Señor.*

Isto di o Señor: «Maldito quen confía no home, e busca o apoio das criaturas, apartando o seu corazón do Señor. Será como cardo na estepa, que nunca recibe a choiva; habitará nun árido deserto, terra salobre e inhóspita. **Bendito quen confía no Señor e pon no Señor a súa confianza.** Será unha árbore plantada xunta á auga, que alonga á corrente as súas raíces; non teme a chegada do estío, a súa follaxe sempre está verde; en ano de seca non se inquieta, nin deixará por iso de dar froito». Palabra do Señor.

**SALMO 1: R/.** Ditoso o home que puxo a súa confianza no Señor.

**1 CORINTIOS 15, 12. 16-20:** *Se Cristo non resucitou, a vosa fe non ten sentido.*

**LUCAS 6, 17. 20-26:** *Benaventurados os pobres. Ai de vós, os ricos!*

**Narrador:** Naquel tempo, Xesús baixou do monte cos Doce, parou nunha chaira cun grupo grande de discípulos e un gran xentío do pobo, procedente de toda Xudea, de Xerusalén e da costa de Tiro e de Sidón. El, levantando os ollos cara aos seus discípulos, dicíalles:

**Xesús:** «*Benaventurados os pobres, porque voso é o reino de Deus.*

*Benaventurados os que agora tedes fame, porque quedaredes saciados.*

*Benaventurados os que agora chorades, porque riredes.*

*Benaventurados vós cando vos odien os homes, e exclúanvos, e insúltenvos e proscriban o voso nome como infame, por causa do Fillo do home.*

*Alegrádevos ese día e saltade de gozo, porque a vosa recompensa será grande no ceo. Iso é o que facían os vosos pais cos profetas.*


**Pero, ai de vós, os ricos, porque xa recibistes o voso consolo! Ai de vós, os que estades saciados, porque teredes fame!**

*Ai dos que agora rides, porque faredes dó e choraredes!*

*Ai se todo o mundo fala ben de vós! Iso é o que os vosos pais facían cos falsos profetas».*

Palabra do Señor.

(Narrador-Xesús)



## Felices os que teñen oco para o meu amor... Ai dos que o teñen todo ocupado!

### 1. VER: Ser felices, a aspiración de todos

- Ser feliz é a aspiración de todos. Para logralo estudamos, facemos unha carreira, formamos unha familia... Dialogamos en grupo: que camiños buscamos para lograr a felicidade, que é o que nos fai máis felices, cando buscamos a felicidade por camiños equivocados...
- Un xogo: falamos sobre problemas que tivemos e que solucións buscamos; logo nunha cartolina poñemos en pósts vermello os problemas e noutros verdes as solucións, uníndoos con frechas. **Que nos fai felices?**

### 2. XULGAR: Felices os que fan oco a Xesús

- No evanxeo de hoxe, **Xesús chama "benaventurados"**, felices, aos que viven en "pobreza", "fame" ou calquera outra forma de sufrimento. **Logo fai unha advertencia seria**, que teñan moito coidado os "ricos", os que "están saciados", os que "rin" e se todos "falan ben deles".

Lucas 6, 24-42, película: <https://youtu.be/gI0h11uWAjM>

### Que NOS QUERE DICIR?

- **A nosa vida componse** de alegrías e de retos que superar... Haberá momentos nos que imos chorar, sufrir, pasalo mal, pero non por iso se acaba a nosa vida, temos que **seguir adelante**, buscar solucións, dar rodeos, xa que os camiños imposibles fannos descubrir outros.
- **Xesús non quere a miseria**, nin a inxustiza nin o sufrimento, senón a vida, a felicidade. Por iso, no seu corazón hai un lugar especial para os que sofren, os que non contan, con El é posible un futuro novo... Deus quere ser o seu consolo, a súa riqueza, o seu alimento, o seu refuxio... Confiade en Deus.
- **Xesús márcanos o camiño para ser felices.** Non nos fai felices engordar "o noso EU" ocupando o corazón co confort, o diñeiro, o pracer... Só son felices os que se saben ocos, necesitados, fráxiles, porque poden recibir o amor de Deus. Só son felices os que alivian os pobres, sacian a súa fame, enxugan as bágoas dos tristes, dan a cara polos que son maltratados... El conta connosco para iso.

Sempre Imaxinei a felicidade, Hakuna: <https://youtu.be/PM7fWcQsnUw&t=18s>

**En quen confiamos? Sobre que valores organizamos a vida?**

### 3. ACTUAR: Xuntos cambiamos vidas

- Comentamos que facemos ante os nosos problemas e ante os problemas dos outros, que ou quen ocupa o noso corazón. Logo dous nenos con mochilas reparten á familia e amigos uns pergamiños co secreto para unha vida feliz: "Segue adelante", "Confía en Deus", "Contigo Deus pode enxugar bágoas".

**Que imos facer?**

Alégrense, preocúpense, Luís Guitarra: [https://youtu.be/GBMSwnb\\_I9o](https://youtu.be/GBMSwnb_I9o)

<https://youtu.be/uXAJIiYVnO&t=1s>